



Concello do Porriño

## **ADDENDA DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA DE DOTACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O PORRIÑO E O CLUB PORRIÑO INDUSTRIAL PARA GASTOS DERIVADOS DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DURANTE 2024.**

Expte. 6914/2023

No Porriño, na data indicada na marxe,

### **REUNIDOS:**

Dunha parte, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76.907.670-V na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra,

D. Manuel Antonio Losada Miguez, con D.N.I. 76901212 E Presidente do club Porriño Industrial, en virtude de nomeamento aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 06/02/2024 e CIF G36144095.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E manifestan o seguinte,

**Primeiro:** Mediante decreto da alcaldía nº 2024-0106 do 16/01/2024 aprobase o convenio de colaboración, entre outros, co club Porriño Industrial para gastos derivados da súa actividade deportiva e fomento do deporte base para o ano 2024 e procédese á súa sinatura con dita entidade, cun importe de 60.000 euros. De dito importe concédese un anticipo equivalente ao 80% do total subvencionado abonándose ao beneficiario.

**Segundo:** Polo Pleno do Concello do Porriño, apróbase o novo orzamento para o ano 2024 e publícase a súa aprobación definitiva o 02/10/2024 incrementándose, entre outras, a subvención nominativa a favor do club para dita finalidade en 5.000 € sendo o total do importe a subvencionar de 65.000 €.

**Cuarto:** Dita aprobación indica que queda acreditada, a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente para a tramitación da presente addenda.

**Quinto:** O club solicita a sinatura dunha addenda de modificación da cláusula de dotación económica no importe incrementado e, simultaneamente, achega a conta xustificativa por importe total de





Concello do Porriño

71.030,32 € unha vez fiscalizado de axustado polo servizo de Intervención.

Asimesmo, os comparecentes mostran a súa conformidade en establecer as seguintes

### **CLÁUSULAS:**

**1.- Dotación económica:** O Concello de Porriño comprométese a entregarlle ao club Porriño Industrial (G36144095) a cantidade de 5.000 € destinada aos gastos especificados no convenio asinado, o que incrementa a dotación do mesmo ata acadar o importe de 65.000 €.

**2.- Pago:** Non se prevén entregas a conta desta addenda toda vez que se aproba simultaneamente xunto coa conta xustificativa xa presentada polo beneficiario.

**3.- Vixencia:** Esta addenda entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2024, quedando sometida ás mesmas cláusulas establecidas no convenio de colaboración, a excepción do disposto na cláusula de dotación económica.

Polo Concello,

Polo Porriño Industrial,

**(asinado dixitalmente á marxe na data expresada)**

